

A CLASE DE SWING

A semana pasada participamos nunha clase de Swing. O noso profesor, Carlos, primeiro fíxonos unha introdución. Contounos que o “swing dance” provén da década dos 90 (1920-1940), e a súa orixe é afroamericana.

Empezamos a clase camiñando arredor do pavillón e “sentindo a música”. Logo, tínhamos que, cada vez que facíamos contacto visual cun compañeiro, sinalalo e dicir: Yeah! para “sentirnos guays”.

Entón, o profesor comezou a ensinarnos algúns pasos para finalmente facer unha coreografía.

O primeiro que fixemos antes da coreografía foi aplaudir mentes esperabamos a que soase a música. Entón, Carlos ensinounos o primeiro paso, o “boogie forward”, un paso onde camiñas cara adiante “sentindo a música” e logo o “boogie back”, un paso onde fas o mesmo pero cara atrás. Fixemos todo xunto tres veces e logo o seguinte paso (non recordo o nome), onde movías o teu pé dereito cara á dereita e logo cara adiante, xirando sobre o outro pé e finalmente volvendo á túa posición inicial. Logo, ensinounos o seguinte paso, o “boogie drop”, un paso onde pisas dúas veces sobre o teu pé dereito e deixas caer o teu corpo con el, facendo o “knee slap”; onde pegas na túa perna dúas veces, levantándoa un pouco.

Despois ensinounos o seguinte paso, chamado “take Annie” onde te agachas un pouco e moves o teu pé dereito detrás do outro, e facendo o mesmo co outro pé, un detrás do outro.

Fixemos todos os pasos xuntos para memorizar a coreografía. Cando aprendimos a primeira parte, o profesor ensinounos o seguinte paso: “the mambo step”. Este paso foi un pouco máis complicado, pero finalmente, despois de moita práctica conseguimos facelo. Neste paso tínhamos que cruzar unha perna, movela cara o outro lado e facer o mesmo coa outra perna.

Finalmente fixemos o último paso, onde levantabamos o brazo e logo o dedo, debuxando círculos mentes xirabamos o noso corpo ao mesmo tempo. Probablemente fixemos máis pasos pero non os recordo con claridade.

Paseino moi ben na clase e gustoume moito a coreografía, e espero facer máis actividades como esta.

Lucía Quintáns González 3ºA